

XOGANDO CON BONECAS *recortables*

Propoñémosvos un xogo que vos pode axudar a coñecer como cambiou a indumentaria das persoas ao longo da historia. Para iso teredes unha boneca e un boneco que podedes imprimir e recortar, igual que deberedes facer coa vestimenta e cos tocados e os

complementos que se presentan noutras páxinas.

Antes ímosvos contar en que persoas nos inspiramos e por que vestían así. Fixádevos no que nos contan a través das diferentes pezas que están no Museo de Pontevedra!

**TORQUE DO
TESOURO DE
FOXADOS**
Idade de Ferro
(época galaico-romana)
Ouro



O gran torque do Tesouro de Foxados (Curtis, A Coruña) é a xoia máis impresionante das que forman este conxunto. Os torques son colares ríxidos con forma de ferradura feitos de metal. Os máis apreciados eran os que se

recubrían ou facían de ouro. Isto significa que foron empregados como sinal de distinción social. Este fermoso exemplar pesa ao redor de 500 gramos e del destacan os grandes remates decorados con entrelazados.

Modelo masculino 1

Modelo feminino 1



RETRATO DA RAÍÑA MARGARIDA DE AUSTRIA, esposa de Filipe III, ca. 1607 Atribuído a Juan Pantoja de la Cruz (ca. 1553–1608)

Depósito do Museo Nacional del Prado

Son a raíña Margarida de Austria, esposa do rei Filipe III. Aquí podédesme ver neste retrato feito polo pintor da corte Juan Pantoja de la Cruz, un dos máis famosos da época. Para a ocasión, vestín as miñas mellores galas: roupaxes bordadas, un gran colo de encaixe de Flandres (gorgueira) e algunhas das miñas mellores xoias. Entre elas destaca o gran colar real feito co famoso diamante Estanque, chamado así pola súa forma e cor, e coa perla Peregrina, coñecida pola súa beleza e gran tamaño.

Para saber máis:
[http://www.museo.depo.gal/noticias/
notas.de.prensa/ga.02010314.html](http://www.museo.depo.gal/noticias/notas.de.prensa/ga.02010314.html)



BROCHE CON ESMERALDAS

Século XIX

**Prata, circonitas
e esmeraldas**

No Museo de Pontevedra gárdanse xoias tan fermosas coma esta, un broche de prata, con decoración de filigrana de tipo vexetal adornado con circonitas engastadas e dúas esmeraldas, unha cadrada no centro e outra pendurada con forma de bágoa.

Aínda que a fixeron no século XIX está inspirada nos broches de peto típicos do século XVIII pensados para cubrir a parte dianteira do corpiño. Era habitual que estas xoias lucisen deseños vexetais e florais decorados con esmaltes, perlas e pedras preciosas.

Son o contraalmirante Casto Méndez Núñez, pontevedrés de corazón, xa que vivín boa parte da miña vida nesta cidade, xusto na casona da praza que hoxe leva o meu nome. Como vedes no meu retrato, feito polo pintor catalán Joan Franch, fun oficial da Mariña, por iso me gustou que me retratasen co uniforme e coas miñas condecoracións. O Museo de Pontevedra garda moitas das

miñas pertenzas: libros, fósiles, instrumentos náuticos, medallas, uniformes... e mesmo algún sombreiro, aínda que neste retrato non apareza con ningún deles.



RETRATO DO CONTRAALMIRANTE CASTO MÉNDEZ NÚÑEZ

1863

Joan Franch

(Barcelona, ca. 1825–Madrid, 1882)

Modelo masculino 2

Modelo feminino 2



RETRATO DE JOAQUINA DE OSMA Y ZABALA 1897

**Joaquín Vaamonde Cornide
(A Coruña, 1872–1900)**

Son Joaquina de Osma y Zabala, a filla pequena dunha familia aristócrata de orixe rioxana. Casei con Antonio Cánovas del Castillo, presidente do Consello de Ministros de España nos últimos anos do século XIX, a quen me gustaba acompañar sempre elegantemente vestida, tal e como me podedes ver neste retrato que

lle encarguei ao pintor coruñés Joaquín Vaamonde. Fixádevos que ben me retratou co meu fermoso vestido de mangas *abullonadas* e xustillo axustado, que segue o estilo dos que estaba a facer o gran deseñador inglés Charles Frederick Worth, considerado o pai da alta costura.

PARASOL CON ESTAMPADO DE CAXEMIRA

Ca. 1900–1910

Tea, madeira e metal

Doado pola familia García Solís

Na colección do Museo consérvase esta fermosa antuca de raso de seda estampada e rematada con aplicacións de pasamanería (borlas). O seu bastón de madeira ten unha empuñadura con forma de botón tallado con motivos florais.



A orixe das antucas, tamén chamadas parasoles, é oriental, pero no século XIX convertéronse nun complemento de moda indispensable para as mulleres, tanto para se protexeren do sol como para completar a súa indumentaria. É por iso que o

parasol ía conxuntado co traxe e a cor da pel da moza que o levase. Os máis luxosos facíanse de seda adornados con encaixes, bordados e aplicacións de pasamanería e os seus mangos e empuñaduras eran de madeira ou marfil ricamente decorados.



Modelo masculino 3

RETRATO DE BERNARDO MARTÍNEZ BAUTISTA 1907

**Dionisio Muñoz de la Espada
(Xixón, 1870–La Pola Siero, 1954)**

Eu son Bernardo Martínez Bautista, un indiano pontevedrés que fixo unha gran fortuna en Cuba. Á miña volta a Pontevedra vivín e morrín na casa modernista que mandei construír na actual praza de San Xosé, moi coñecida por ter no seu baixo o Café Moderno. Neste retrato, que me fixo o pintor asturiano Dionisio Muñoz de la Espada, podédesme ver vestido

elegantemente e co meu prezado reloxo de peto. Ter un reloxo deste tipo era todo un luxo e un signo de distinción social no século XIX. Damas e cabaleiros adoitabamos lucilos no peito ou na cintura acompañados de longas cadeas chamadas *leontinas*. Os máis prezados eran os de ouro gravado con esmaltes e miniaturas de flores e paisaxes.



RELOXO DE PETO DE CABALEIRO

Século XIX

Prata e porcelana

Este é un dos fermosos reloxos de peto da colección do Museo. Ten dúas tapas repuxadas con decoración vexetal e na traseira do reloxo pódese ler o nome do fabricante (Guillaume Henry Guye), o lugar onde o fixeron e o seu número de serie. Non se conserva a súa cadea, que iría enganchada na argola de suxeición, pero si gardamos no Museo a chave para accionar o seu mecanismo e o estoxo orixinal co enderezo da xoiería onde se mercou, L'Espérance (París).

VESTIDO

Ca. 1920

Tea e lentexoulas

Aquí tedes unha desas fermosas curiosidades que garda o Museo de Pontevedra, un vestido de lentexoulas dos anos vinte. Non dos de agora, claro, senón dos da década de 1920. Se botades contas, este vestido xa ten cen

anos! Moitas mozas daquel tempo lucíanos adornados con flocos, plumas ou abelorios, e completaban o seu *look* con longos colares de perlas ou cintas de veludo moi axustadiños ao pescozo, os chamados colar *chien*.



Modelo feminino 3



Modelo masculino 4

AUTORRETRATO

1919

**Amando Suárez Couto
(Ribadeo, 1894–1981)**

Eu son o pintor Amando Suárez Couto. Aquí podédesme ver autorretratado co meu traxe tradicional galego, coa camisa, o chaleco e a monteira na cabeza. Gustábame retratarme así, xa que en cada rexión de España se puxo de moda representar os costumes, danzas e traxes propios. A miña camisa de liño branco e o chaleco de pano amarelo con botóns prateados destacan sobre unha paisaxe na que podedes adiviñar ao fondo unha das nosas aldeas. Como vedes polo meu xesto, móstrome orgulloso da nosa cultura e da beleza da nosa terra.

Fixádevos en min! Son a moza que está sentada á dereita do cadro, xusto ao carón do meu mozo. Estamos celebrando unha festa que ben podería ser a nosa voda, por iso levo posto o traxe de gala tradicional, a cofia sobre o cabelo e as miñas mellores xoias: o colgante tipo sapo e os brincos que herdei da miña nai e da miña avoa.

Pintounos o asturiano Dionisio Fierros, famoso na súa terra e tamén en Galicia, onde foi mestre de pintura durante varios anos. Fíxose moi popular pola representación dos nosos costumes, danzas e traxes, que hoxe coñecedes un pouco mellor grazas aos seus cadros.

BOCETO DE MUIÑEIRA

Ca. 1860

Dionisio Fierros Álvarez
(Cudillero, 1827–Madrid, 1894)



Modelo feminina 4



SAPO DE TRES CORPOS

Prata dourada

No Museo temos unha fermosa e variada colección de sapos, pezas de ourivería tradicional galega empregadas para o adorno do traxe rexional feminino. Caracterízanse por ter tres corpos independentes e articulados entre si que forman un triángulo invertido. Elaborábanse en prata


ou prata dourada e xeralmente poñíanse no peito ou pendurados ao pescozo cun colar de doas, tamén de prata. Usábanse en ocasións especiais coma festas e cerimoniais, polo que pasaban de xeración en xeración entre as mulleres da familia.



XOGANDO



CON BONECAS


recortables




DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA





 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA

 Museo de Pontevedra

